| | | CM Farmacia | 30 |
| | IES A Carballeira | CS Administración de sistemas informáticos | 24 |
| | | CS Desenvolvemento de aplicacións informáticas | 24 |
| | | DS Desenvolvemento de aplicacións informáticas | 24 |
| | | CM Coidaos auxiliares de enfermería | 22 |
| | | CS Dietética | 30 |
| | | CS Laboratorio de diagnóstico clínico | 22 |
| | | CS Saúde ambiental | 22 |
| | IES A Farixa | | |
| | | CS Desenvolvemento de proxectos urbanísticos e operacións topográficas | 30 |
| | | CS Desenvolvemento e aplicación de proxectos de construcción | 30 |
| | | CM Equipos elctrónicos de consumo | 44 |
| | | CS Desenvolvemento de productos electrónicos | 22 |
| | | CS Sistemas de telecomunicacións e informáticos | 44 |
| | | CS Axencia de viaxes | 30 |
| | | CS Información e comercialización turísticas | 30 |
| | IES As Lagoas | | |
| | | CS Animación de actividades físicas e deportivas | 30 |
| | IES Julio Prieto Nespereira | | |
| | | CS Industria alimentaria | 22 |
| | IES Portovello | | |
| | | CM Xestión administrativa | 30 |
| | | CS Administración e finanzas | 30 |
| | | CS Secretariado | 30 |
| | | CM Comercio | 30 |
| | | CS Xestión comercial e marketing | 30 |
| | | CS Educación infantil | 30 |
| | | CS Integración social | 30 |
| | IES Universidade Laboral | | |
| | | CM Carrocería | 22 |
| | | CM Electromecánica de vehículos | 22 |
| | | CS Automoción | 22 |
| | | DM Electromecánica de vehículos | 22 |
| | | CM Montaxe e mantemento de instalacións de frío, climatización e producción de calor | 22 |
| | IES 12 de Outubro | | |
| | | CM Equipos e instalacións electrotécnicas | 22 |
| | | CS Instalacións electrotécnicas | 22 |
| | | CM Mecanizado | 22 |
| | | CS Producción por mecanizado | 22 |
| | | CM Perruquería | 22 |
| | | CS Estética | 22 |
| **Ribadavia** | IES Abrente | CM Xestión administrativa | 30 |
| | | CS Administración e finanzas | 30 |
| | | CM Electromecánica de vehículos | 22 |
| **Verín** | IES García-Barbón | CM Xestión administrativa | 30 |
| | | CS Administración e finanzas | 30 |
| | | CM Electromecánica de vehículos | 22 |
| | | CM Instalación e mantemento electromecánico de maquinaria e conducción de liñas | 22 |
| | | CM Coidados auxiliares de enfermería | 22 |
| **Viana do Bolo** | IES de Viana do Bolo | CM Equipos e instalacións electrotécnicas | 22 |
| **Vilamarín** | IES de Vilamarín | CM Cociña | 22 |
| | | CM Pastelería e panadería | 22 |
| | | CM Servicios de restaurante e bar | 30 |
| | | CS Restauración | 22 |
| **Xinzo de Limia** | IES Cidade e Antioquía | CM Traballos forestais e de conservación do medio rural | 22 |
| | | CS Xestión e organización dos recursos naturais e paisaxísticos | 22 |
| | | CM Xestión administrativa | 30 |
| | | CS Administración e finanzas | 30 |
| | | CM Equipos electrónicos de consumo | 22 |
| **Total Ourense** | Ciclos Medios | 42 | |
| | Ciclos Superiores | 32 | |

**(1) CM: Ciclo Medio; CS: Ciclo superior**
Fonte: *Consellería de Educación e Ordenación Universitaria*

**4.13.** ***Titulados e investimento (1) nos cursos de Formación Profesional Ocupacional 2002: distribución segundo comarcas***

| | Nº cursos | Nº alumnos | Investimento (en €) |
|---|---|---|---|
| **Allariz-Maceda** | 3 | 45 | 89.981 |
| Agraria | 2 | 30 | 57.031 |
| Industria da madeira e a cortiza | 1 | 15 | 32.950 |
| **Baixa Limia** | 2 | 37 | 70.670 |
| Artesanía | 1 | 16 | 38.621 |
| Servicios á comunidade e persoais | 1 | 21 | 32.049 |
| **A Limia** | 18 | 284 | 369.493 |
| Agraria | 2 | 30 | 48.337 |
| Administración e oficinas | 2 | 31 | 64.932 |
| Artesanía | 1 | 16 | 38.621 |
| Comercio | 1 | 15 | 15.619 |
| Servicios ás empresas | 2 | 32 | 19.194 |
| Industria da madeira e a cortiza | 1 | 15 | 32.950 |
| Industrias manufactureiras diversas | 5 | 80 | 24.594 |
| Sanidade | 1 | 15 | 32.962 |
| Servicios á comunidade e persoais | 2 | 35 | 55.959 |
| Turismo e hostalería | 1 | 15 | 36.325 |
| **O Carballiño** | 14 | 221 | 332.201 |
| Agraria | 1 | 16 | 17.733 |
| Administración e oficinas | 2 | 32 | 64.932 |
| Comercio | 2 | 31 | 45.916 |
| Servicios ás empresas | 1 | 15 | 3.170 |
| Industria da madeira e a cortiza | 1 | 15 | 29.655 |
| Servicios á comunidade e persoais | 5 | 77 | 105.306 |
| Turismo e hostalería | 2 | 35 | 65.489 |
| **Ourense** | 244 | 3.713 | 6.174.505 |
| Agraria | 9 | 138 | 167.965 |
| Administración e oficinas | 33 | 535 | 1.158.309 |
| Artesanía | 4 | 50 | 147.875 |
| Automoción | 3 | 53 | 118.295 |
| Comercio | 17 | 236 | 317.162 |
| Docencia e investigación | 6 | 99 | 81.017 |
| Servicios ás empresas | 55 | 811 | 1.277.003 |
| Edificación e obras públicas | 10 | 159 | 405.047 |
| Fabricación de equipos electromec. | 6 | 64 | 72.848 |
| Industrias alimentarias | 2 | 34 | 68.831 |
| Información e manif.artísticas | 1 | 15 | 39.126 |
| Industria pesada e construcc.metálicas | 11 | 168 | 346.096 |
| Industrias químicas | 1 | 18 | 28.701 |
| Industrias téxtiles | 7 | 109 | 93.977 |
| Industria da madeira e a cortiza | 1 | 16 | 24.998 |
| Minería e primeiras transformacións | 1 | 14 | 17.629 |
| Montaxe e instalacións | 8 | 107 | 154.585 |
| Produc.,transf.e distribuc.de enerxía e auga | 1 | 15 | 24.752 |
| Sanidade | 17 | 280 | 445.095 |
| Seguros e finanzas | 11 | 179 | 231.166 |
| Servicios á comunidade e persoais | 22 | 335 | 462.814 |
| Transportes e comunicacións | 5 | 72 | 110.738 |
| Turismo e hostalería | 13 | 206 | 380.476 |
| **O Ribeiro** | 9 | 144 | 296.920 |
| Agraria | 2 | 31 | 47.748 |
| Administración e oficinas | 1 | 16 | 46.649 |
| Edificación e obras públicas | 1 | 15 | 31.517 |
| Industria da madeira e a cortiza | 1 | 22 | 56.183 |
| Sanidade | 1 | 15 | 32.962 |
| Servicios á comunidade e persoais | 2 | 30 | 45.536 |
| Turismo e hostalería | 1 | 15 | 36.325 |
| **Terra de Caldelas** | 1 | 19 | 36.325 |
| Turismo e hostalería | 1 | 19 | 36.325 |
| **Terra de Celanova** | 4 | 60 | 75.477 |
| Agraria | 1 | 15 | 22.345 |
| Comercio | 1 | 16 | 25.490 |
| Servicios ás empresas | 1 | 14 | 3.170 |
| Industrias téxtiles | 1 | 15 | 24.472 |
| **Verín** | 15 | 250 | 361.978 |
| Agraria | 2 | 35 | 51.423 |
| Administración e oficinas | 3 | 51 | 86.956 |
| Servicios ás empresas | 3 | 46 | 64.040 |
| Montaxe e instalación | 2 | 32 | 26.897 |
| Sanidade | 3 | 53 | 84.842 |
| Servicios á comunidade e persoais | 2 | 33 | 47.820 |
| **Viana** | 2 | 28 | 23.918 |
| Agraria | 2 | 28 | 23.918 |
| **Área funcional** | 312 | 4.801 | 7.831.468 |

**(1) Os investimentos obtéñense dos presupostos previstos para os cursos, non do custo final dos mesmos**

Fonte: *Instituto Galego das Cualificacións, Informe comarcal do mercado laboral*

**4.14.** ***Ocupacións máis ofertadas e máis demandadas 2002: distribución segundo comarcas***

| | Ofertadas | Prazas | Demandadas | Demandantes |
|---|---|---|---|---|
| **Allariz-Maceda** | | 33 | | 461 |
| | Camareiro-Barman | 10 | Mozo-Muller de limpeza | 138 |
| | Albanel | 7 | Dependente en xeral | 135 |
| | Xardineiro/Traballador de centros de xard. | 6 | Auxiliar administrativo | 65 |
| | Conductor meradorías / camión | 5 | Auxiliar de axuda a domicilio | 62 |
| | Auxiliar administrativo | 5 | Axudante de cociña | 61 |
| **Baixa Limia** | | 9 | | 173 |
| | Albanel | 5 | Peón de albanel/Peón de obras públicas | 47 |
| | Xardineiro/Traballador de centros de xard. | 1 | Traballador forestal | 37 |
| | Peón de albanel/Peón de obras públicas | 1 | Dependente en xeral | 32 |
| | Lcdo.en historia/excavacións arqueolóxicas | 1 | Mozo-Muller de limpeza | 29 |
| | Lcdo.en administr.e dirección de empresas | 1 | Albanel | 28 |
| **A Limia** | | 40 | | 1.178 |
| | Auxiliar administrativo | 21 | Dependente en xeral | 358 |
| | Camareiro-Barman | 6 | Mozo-Muller de limpeza | 324 |
| | Axente comercial / Vendedor | 5 | Auxiliar de axuda a domicilio | 186 |
| | Sen cualific., acepta emprego en constr. | 4 | Axudante de cociña | 161 |
| | Auxiliar de axuda a domicilio | 4 | Peón de albanel/Peón de obras públicas | 149 |
| **O Carballiño** | | 39 | | 1.270 |
| | Camareiro-Barman | 12 | Dependente en xeral | 418 |
| | Dependente en xeral | 8 | Mozo-Muller de limpeza | 256 |
| | Encofrador | 7 | Auxiliar de axuda a domicilio | 231 |
| | Perruqueiro/a | 6 | Auxiliar administrativo | 206 |
| | Conductor de mercadorías / de camión | 6 | Axudante de cociña | 159 |
| **Ourense** | | 1.495 | | 9.177 |
| | Axente comercial / vendedor | 464 | Dependente en xeral | 3.478 |
| | Camareiro-Barman | 347 | Mozo-Muller de limpeza | 1.761 |
| | Albanel | 248 | Auxiliar administrativo | 1.717 |
| | Empregado/a fogar | 234 | Auxiliar de axuda a domicilio | 1.131 |
| | Dependente en xeral | 202 | Caixeiro | 1.090 |
| **O Ribeiro** | | 37 | | 871 |
| | Axente comercial / vendedor | 11 | Mozo-Muller de limpeza | 243 |
| | Administrativo | 9 | Dependente en xeral | 237 |
| | Animador socio-cultural | 7 | Auxiliar de axuda a domicilio | 152 |
| | Peón de albanel/Peón de obras públicas | 6 | Traballador forestal | 125 |
| | Soldador | 4 | Peón de albanel/Peón de obras públicas | 114 |
| **Terra de Caldelas** | | 8 | | 128 |
| | Auxiliar administrativo | 3 | Traballador forestal | 36 |
| | Empregado/a fogar | 2 | Peón de albanel/Peón de obras públicas | 27 |
| | Peón de albanel/Peón de obras públicas | 1 | Mozo-Muller de limpeza | 24 |
| | Encofrador | 1 | Dependente en xeral | 22 |
| | Carpinteiro | 1 | Axudante de cociña | 19 |
| **Terra de Celanova** | | 23 | | 536 |
| | Camareiro-Barman | 11 | Dependente en xeral | 143 |
| | Axente comercial / vendedor | 4 | Mozo-Muller de limpeza | 122 |
| | Costureiro/a | 3 | Peón de albanel/Peón de obras públicas | 104 |
| | Cortador-serrador de lousa | 3 | Auxiliar administrativo | 91 |
| | Traballador forestal | 2 | Axudante de cociña | 76 |
| **Verín** | | 45 | | 1.380 |
| | Peón de albanel/Peón de obras públicas | 13 | Dependente en xeral | 418 |
| | Telefonista/Operador de telemarketing | 12 | Mozo-Muller de limpeza | 342 |
| | Auxiliar de axuda a domicilio | 8 | Peón de albanel/Peón de obras públicas | 227 |
| | Xardineiro/Traballador de centros de xard. | 7 | Auxiliar de axuda a domicilio | 214 |
| | Dependente en xeral | 5 | Axudante de cociña | 179 |
| **Viana** | | 18 | | 365 |
| | Encofrador | 11 | Mozo-Muller de limpeza | 98 |
| | Motoserrista/Tronzador/Cortador/Descascacador | 3 | Peón de albanel/Peón de obras públicas | 92 |
| | Xardineiro/Traballador de centros de xard. | 2 | Traballador forestal | 67 |
| | Guía turístico | 1 | Dependente en xeral | 54 |
| | Dpdo.en traballo social | 1 | Auxiliar de axuda a domicilio | 54 |

Fonte: *Instituto Galego das Cualificacións*, *Informe comarcal do mercado laboral*

ofertadas e máis demandadas nas dez comarcas da área analizada. O maior número de ofertas e de demandas dase na comarca de Ourense. Entre as actividades ofertadas destacan nesta comarca as prazas de axente comercial/vendedor (464 prazas) seguida da de camareiro-barman (347 prazas), fronte ás ocupacións demandadas na comarca entre as que se encontran as de dependente en xeral (3.478 prazas), mozo/muller da limpeza (1.761 prazas) e auxiliar administrativo (1.717 prazas). Nesta comarca só existe unha coincidencia entre as cinco ocupacións máis ofertadas e as cinco máis demandadas, esta coincidencia dase na ocupación de dependente en xeral.

A segunda comarca en número de ofertas e demandas é Verín, con 45 prazas ofertadas e 1.380 demandadas. As ocupacións máis ofertadas nesta comarca son as de peón de albanel/peón de obras públicas (131 prazas) e telefonista/operador de telemarketing (12 prazas), fronte ás ocupacións máis demandadas, que son as de dependente en xeral (418 prazas) e mozo/muller da limpeza (342 prazas). Neste senso, salientan dous aspectos: por un lado, que a ocupación máis demandada nas comarcas de Ourense e Verín é a mesma, e, por outra banda, que nesta última comarca existen tres actividades que están entre as máis ofertadas e as máis demandadas.

O Carballiño é a terceira comarca da área de Ourense–Verín en número de ofertas e demandas de ocupacións. Nesta comarca destaca polo número de prazas ofertadas a de camareiro/barman (12 prazas) seguida da de dependente en xeral e encofrador (8 e 7 prazas, respectivamente), fronte ás prazas máis demandadas, que son as de dependente en xeral (418 prazas) e mozo/muller de limpeza (256 prazas). Na comarca de O Carballiño existe unha coincidencia entre ofertas e demandas que se dá na actividade de dependente en xeral, onde no ano 2002 existían 8 ofertas e 418 demandas de emprego.

Finalmente, as ocupacións máis ofertadas na comarca de A Limia son as de auxiliar administrativo, camareiro/barman e axente comercial/vendedor, con 21, 6 e 5 prazas para cada caso, fronte ás ocupacións máis demandadas que son, entre outras, a de dependente en xeral (358 prazas) e mozo/muller de limpeza (256 prazas). Nesta comarca só existe unha coincidencia entre actividades ofertadas e demandadas que se dá nos auxiliares de axuda a domicilio, actividades das que se ofertan 4 prazas e das que se demandan 231 prazas.

## Saúde

Tal e como se mostra no **cadro 4.15.**, a área de saúde (AS) na que se integran os concellos da área de Ourense–Verín está composta por 6 zonas de saúde de atención integrada (ZSAI), 21 zonas de saúde de atención primaria e 2 unidades básicas de atención primaria (UBAP). En termos relativos esta área acolle o 13,3% das ZSAI de Galicia, así como o 22,5% e 3,7% das ZSAP e UBAP galegas, respectivamente.

Respecto á ordenación territorial da atención especializada, o **cadro 4.16.** re-

## 4.15. Ordenación sanitaria territorial 2002

| | Zona de saúde de atención integrada | Zona de saúde de atención primaria | Unidade básica de atención primaria | Concellos | Superficie (en km $^2$) |
|---|---|---|---|---|---|
| Área de saúde de Ourense | 6 | 21 | 2 | 78 | 5.574 |
| **Total Galicia** | 45 | 93 | 53 | 315 | 29.575 |

Fonte: *Sergas*

## 4.16. Referencias poboacionais para hospitalización xeral: poboación protexida 2002

| | Servicio de Pediatría | Servicio de Obstetricia | Total |
|---|---|---|---|
| **Área de Ourense-Verín** | 28.154 | 84.139 | 290.718 |
| C.H. de Ourense | 25.157 | 74.372 | 260.298 |
| F.P. Hospital de Verín | 2.997 | 9.767 | 30.420 |
| **Total Galicia** | 299.838 | 579.263 | 2.647.746 |
| **Área Ourense - Verín/Galicia** *(%)* | 9,4 | 14,5 | 11,0 |

Fonte: *Sergas*

## 4.17. Actividade asistencial en atención primaria 2002

| | Ourense | Galicia | Ourense / Galicia (%) |
|---|---|---|---|
| **Recursos materiais** | 121 | 502 | 24,1 |
| Centros de saúde | 72 | 294 | 24,5 |
| Consultorios municipais | 25 | 66 | 37,9 |
| Consultorios periféricos | 24 | 142 | 16,9 |
| **Puntos de garda** | 20 | 111 | 18,0 |
| Municipal | - | 9 | - |
| Supramunicipal | 2 | 4 | 50,0 |
| Atención continuada | - | 4 | - |
| Servicios normais de urxencia | 1 | 5 | 20,0 |
| Puntos de atención continuada | 15 | 83 | 18,1 |
| Zonas especiais de urxencias | 2 | 6 | 33,3 |
| **Unidades de apoio** | 25 | 160 | 15,6 |
| Unidades de fisioterapia | 5 | 59 | 8,5 |
| Unidades de saúde bucodental | 16 | 81 | 19,8 |
| Unidades de pediatría (1) | 4 | 20 | 20,0 |

(1) nenos ós 14 anos atendidos por pediatras de apoio.
Fonte: *Sergas*

## 4.18. Camas e quirófanos nos hospitais xerais do Sergas 2002

| | Camas | | Quirófanos | |
|---|---|---|---|---|
| | Instaladas | Funcionantes | Funcionantes | De urxencias |
| **Área de Ourense-Verín** | 954 | 917 | 18 | 2 |
| C.H. de Ourense | 874 | 837 | 16 | 2 |
| F.P. Hospital de Verín | 80 | 80 | 2 | - |
| **Total Galicia** | 7.643 | 7.129 | 164 | 13 |
| **Àrea Ourense - Verín/Galicia** *(%)* | 12,5 | 12,9 | 11,0 | 15,4 |

Fonte: *Sergas*

flicte as referencias poboacionais para hospitalización xeral dependente da Consellería de Sanidade e Servicios Sociais, amosando que a poboación total protexida polo Complexo Hospitalario de Ourense e pola Fundación Pública Hospital de Verín ascende a 290.718 persoas, das que o 89,5% corresponden ó C. H. de Ourense. No caso dos servicios de Pediatría e Obstetricia, a poboación protexida total ascende a 28.154 e 84.139 persoas, respectivamente.

A poboación protexida polo Hospital Comarcal de Ourense ó longo do ano 2002 ascendeu a 290.718 persoas e no caso dos servicios de Pediatría e Obstetricia, a 25.157 e 74.139 persoas, respectivamente. Pola súa banda, a Fundación Pública Hospital de Verín tivo unha poboación protexida de 30.420 persoas e nos casos de Pediatría e Obstetricia, de 2.997 e 9.767 persoas, respectivamente.

No que ós recursos materiais se refire, o **cadro 4.17.** recolle as dependencias da actividade asistencial en atención primaria e unha serie de servicios asistenciais como os puntos de garda e as unidades de apoio, que teñen como finalidade a colaboración na prestación do servicio asistencial.

A provincia de Ourense conta cun total de 72 centros de saúde, que se complementan coa existencia de 25 consultorios municipais e 24 consultorios periféricos, o que representa o 37,9% e o 16,9% do total galego, respectivamente.

Xunto con estes recursos, a provincia de Ourense no ano 2002 contaba con 20 puntos de garda (dos que 15 son de atención continuada) e con 25 unidades de apoio, das que 16 son unidades de saúde bucodental. Comparada co total galego, esta provincia acolle o 18% dos puntos de garda e o 15,6% das unidades de apoio.

No caso da atención especializada prestada nos hospitais e centros de especialidades, o Sergas dispón na área de Ourense–Verín de 2 hospitais (C.H. de Ourense e F.P. Hospital de Verín) e de un centro de especialidades no concello de Ourense.

A distribución do número de camas e quirófanos nos diferentes hospitais dependentes do Sergas está recollida no **cadro 4.18.** O número total de camas instaladas no ano 2002 na área de Ourense–Verín ascendeu a 954, das que 917 corresponden a camas funcionantes. Atendendo ó peso relativo no total galego, as camas instaladas e funcionantes da área de Ourense–Verín, representan o 12,5% e o 12,9% do total das camas instaladas e funcionantes, respectivamente, do conxunto de Galicia.

No que ó número de quirófanos se refire, na área analizada hai un total de 18 quirófanos funcionantes (2 de urxencias), dos 164 existentes en Galicia (13 de urxencias). Comparando co total galego, o número de quirófanos funcionantes na área representa o 11% do total e os de urxencias, o 15,4%.

No caso da atención especializada, **cadro 4.19.**, no ano 2002 producíronse un total de 29.606 ingresos na área de Ourense–Verín, o que supuxo unha reducción do 2,1% en relación ó ano anterior,

**4.19.** *Actividade asistencial 2001-02: atención especializada*

| | Hospitais do Sergas total Galicia (1) | | | Área funcional de Ourense-Verín | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | 2001 | 2002 | 02/01 (%) | 2001 | 2002 | 02/01 (%) |
| **Estadías** | 2.084.860 | 2.105.810 | 1,00 | 286.482 | 290.075 | 1,3 |
| **Ingresos** | 232.632 | 233.819 | 0,51 | 30.238 | 29.606 | -2,1 |
| **Traslados internos** | 34.173 | 32.812 | -3,98 | 4.788 | 4.272 | -10,8 |
| **Ingresos por mil habitantes** | 88,90 | 88,31 | -0,66 | 104,99 | 101,84 | -3,0 |
| **Estadía media global** | 8,96 | 9,01 | 0,56 | 9,47 | 9,80 | 3,4 |
| **Estadía media materno-infantil** | 4,24 | 4,50 | 6,13 | - | - | - |
| **% de ocupación** | 80,30 | 82,09 | 2,23 | - | - | - |
| **Índice de rotación** | 33,40 | 33,76 | 1,08 | - | - | - |
| **Intervencións totais** (1) | 162.276 | 164.864 | 1,59 | 17.974 | 16.408 | -8,7 |
| **Intervencións programadas** | 115.750 | 118.408 | 2,30 | 13.243 | 11.857 | -10,5 |
| **Intervencións non programadas** | 33.804 | 34.854 | 3,11 | 4.731 | 4.551 | -3,8 |
| **Intervencións ambulatorias** | 70.770 | 74.337 | 5,04 | 8.332 | 7.130 | -14,4 |
| **Intervencións por mil habitantes** | 62,02 | 62,27 | 0,40 | 62,41 | 56,44 | -9,6 |
| **Intervencións ambulatorias** *(%)* | 43,61 | 45,09 | 3,39 | 46,36 | 43,45 | -6,3 |
| **Índice de programación** *(%)* | 71,33 | 71,82 | 0,69 | - | - | - |
| **Estadía media preoperatoria** | 2,04 | 1,91 | -6,37 | - | - | - |
| **Partos** | 12.464 | 12.373 | -0,73 | 1.122 | 1.107 | -1,3 |
| **Cesáreas** | 3.972 | 4.179 | 5,21 | 362 | 412 | 13,8 |
| **Taxa de cesáreas** *(%)* | 24,17 | 25,25 | 4,47 | | - | - |
| **Consultas totais** | 4.093.815 | 4.157.532 | 1,56 | 457.097 | 447.650 | -2,1 |
| **Primeiras consultas** | 1.327.424 | 1.295.474 | -2,41 | 137.186 | 133.567 | -2,6 |
| **Consultas sucesivas** | 2.766.391 | 2.862.058 | 3,46 | 319.911 | 314.083 | -1,8 |
| **Consultas por mil habitantes** | 1.564,52 | 1.570,22 | 0,36 | 1.587,16 | 1.539,81 | -3,0 |
| **Consultas sucesivas/primeiras** | 2,08 | 2,21 | 6,25 | 2,33 | 2,35 | 0,8 |
| **Urxencias atendidas** | 960.912 | 1.002.755 | 4,35 | 112.613 | 115.022 | 2,1 |
| **Ingresos urxentes** | 145.092 | 152.331 | 4,99 | 20.129 | 21.189 | 5,3 |
| **Urxencias por mil habitantes** | 367,23 | 378,72 | 3,13 | 391,02 | 395,65 | 1,2 |
| **Presión de urxencias** *(%)* | 62,37 | 65,15 | 4,46 | - | - | - |
| **% de urxencias ingresadas** | 15,10 | 15,19 | 0,60 | 17,87 | 18,42 | 3,1 |
| **Urxencias/día** | 2.632,64 | 2.747,27 | 4,35 | 309 | 315 | 2,1 |

**(1) as intervencións totais inclúen Povisa, pero as programadas e urxentes non**
**Os denominadores poboacionais das frecuentacións obtivéronse da Tarxeta Sanitaria (2001)**
Fonte: *Sergas*

cunha estadía de 290.075 días, un 1,3% superior á do ano anterior, que era de 286.482 días.

En relación á actividade cirúrxica, producíronse un total de 16.408 intervencións, un 8,7% menos que o ano anterior, o que representa o 9,9% das intervencións totais practicadas en Galicia polos hospitais pertencentes ó Sergas. Por outra banda, é importante salienta-la reducción do 10,5% das intervencións programadas así como a reducción do 3,8% das intervencións non programadas en relación ó ano anterior.

Polo que respecta á actividade de obstetricia, o número de partos na área analizada diminuíu un 1,3%, pasando de 1.122 en 2001 a 1.107 no ano 2002, dos que o 37,2% foron por cesárea.

No ano 2002 realizáronse un total de 447.650 consultas na área de Ourense–Verín e o número de urxencias atendidas foi de 115.022. Do total das urxencias atendidas ingresaron 21.189, o que representa o 18,4% do total de urxencias atendidas e o 71,6% dos ingresos totais.

O estudio da casuística, **cadros 4.20.**, **4.21.** e **4.22.**, permite analiza-la productividade en relación co número e complexidade da patoloxía atendida. Analízanse de seguido os dous hospitais que afectan á área analizada.

No C.H. de Ourense os trastornos

## 4.20. GRD (1) máis frecuentes nos hospitais do Sergas 2002

| | Hospitais do Sergas | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | Peso medio | Altas válidas | (%) | Estadía media | UPH |
| Parto sen complicacións | 0,55 | 9.181 | 3,92 | 3,30 | 5.026 |
| Trast. respiratorios exc. infeccións, bronquite, asma con cc maior | 2,37 | 7.866 | 3,36 | 11,30 | 18.606 |
| Insuficiencia cardíaca e choque | 1,49 | 4.244 | 1,81 | 9,19 | 6.303 |
| Quimioterapia | 1,07 | 3.317 | 1,42 | 3,20 | 3.543 |
| Proc. sobre útero e anexos por ca.in situ e proceso non maligno | 1,10 | 3.256 | 1,39 | 6,75 | 3.593 |
| Parto con complicacións | 0,72 | 2.999 | 1,28 | 4,08 | 2.149 |
| Trastornos cerebrovasculares específicos excepto AIT e hemorraxia | 2,05 | 2.962 | 1,26 | 13,22 | 6.074 |
| Cesárea, sen complicacións | 0,83 | 2.937 | 1,25 | 8,40 | 2.447 |
| Enfermidade pulmonar obstructiva crónica | 1,17 | 2.593 | 1,11 | 9,25 | 3.022 |
| Substitución de cadeira excepto por complicacións | 3,76 | 2.484 | 1,06 | 13,98 | 9.329 |
| Apendicectomía sen diagnóstico principal complicado sen cc | 0,88 | 2.405 | 1,03 | 4,23 | 2.106 |
| Aborto con dilatación e legrado, aspiración ou histerotomía | 0,49 | 2.392 | 1,02 | 2,40 | 1.176 |
| Procedementos sobre hernia inguinal e femoral idade>17 sen cc | 0,66 | 2.369 | 1,01 | 3,23 | 1.568 |
| Psicose | 1,27 | 2.153 | 0,92 | 21,17 | 2.735 |
| Outros diagnósticos anteparto con complicacións médicas | 0,54 | 2.148 | 0,92 | 3,59 | 1.150 |
| Anxina de peito | 0,89 | 2.083 | 0,89 | 7,46 | 1.856 |
| Outros diagnósticos anteparto sen complicacións médicas | 0,39 | 1.979 | 0,84 | 2,96 | 781 |
| Dilatación e legrado, conización excepto por neoplasia maligna | 0,63 | 1.817 | 0,78 | 2,50 | 1.137 |
| Accidente isquémico transitorio e oclusións precerebrais | 0,89 | 1.749 | 0,75 | 8,68 | 1.550 |
| Bronquite e asma idade<18 sen cc | 0,62 | 1.667 | 0,71 | 4,76 | 1.026 |

(1) metodoloxía que inclúe a agrupación das altas en función da súa complexidade (GRD) e que constitue o sistema de medición da actividade asistencial dos centros na área de especialización de agudos

Fonte: *Sergas*

## 4.21. GRD (1) máis frecuentes no Complexo Hospitalario de Ourense 2002

| | Peso medio | Altas válidas | (%) | Estadía media | UPH |
|---|---|---|---|---|---|
| Trast.respiratorios exc. infeccións, bronquite, asma con cc maior | 2,37 | 1.331 | 4,94 | 10,56 | 3.148 |
| Parto sen complicacións | 0,55 | 699 | 2,59 | 3,64 | 383 |
| Insuficiencia cardíaca e choque | 1,49 | 518 | 1,92 | 9,92 | 769 |
| Trastornos cerebrovasculares específicos excepto AIT e hemorraxia intracraneal | 2,05 | 457 | 1,70 | 11,92 | 937 |
| Quimioterapia | 1,07 | 437 | 1,62 | 4,73 | 467 |
| Substitución de cadeira excepto por complicacións | 3,76 | 353 | 1,31 | 16,24 | 1.326 |
| Accidente isquémico transitorio e oclusións precerebrais | 0,89 | 352 | 1,31 | 10,28 | 312 |
| Proc. sobre útero e anexos por ca.in situ e proceso non maligno sen cc | 1,10 | 332 | 1,23 | 7,87 | 366 |
| Parto con complicacións | 0,72 | 304 | 1,13 | 4,06 | 218 |
| Aborto con dilatación e legrado, aspiración ou histerotomía | 0,49 | 292 | 1,08 | 1,65 | 144 |
| Anxina de peito | 0,89 | 280 | 1,04 | 8,05 | 249 |
| Cesárea, sen complicacións | 0,83 | 277 | 1,03 | 9,43 | 231 |
| Psicose | 1,27 | 277 | 1,03 | 17,95 | 352 |
| Gastroenterite non bacteriana e dor abdominal idade < 18 sen cc | 0,46 | 270 | 1,00 | 3,84 | 123 |
| Enfermidade pulmonar obstructiva crónica | 1,17 | 256 | 0,95 | 9,65 | 298 |
| Procedementos sobre hernia inguinal e femoral idade>17 sen cc | 0,66 | 254 | 0,94 | 4,61 | 168 |
| Dilatación e legrado, conización excepto por neoplasia maligna | 0,63 | 252 | 0,93 | 2,14 | 158 |
| Gastroenterite non bacteriana e dor abdominal idade > 17 sen cc | 0,43 | 237 | 0,88 | 5,92 | 102 |
| Excisión local e eliminación disp. fixación interna exc. cadeira e fémur | 1,36 | 235 | 0,87 | 4,14 | 319 |
| Trast. circulatorios con iam sen compl. maiores alta con vida | 1,74 | 225 | 0,83 | 11,17 | 391 |

(1) metodoloxía que inclúe a agrupación das altas en función da súa complexidade (GRD) e que constitue o sistema de medición da actividade asistencial dos centros na área de especialización de agudos

Fonte: *Sergas*

**4.22.** *GRD (1) máis frecuentes na F.P. Hospital de Verín 2002*

| | Peso medio | Altas válidas | (%) | Estadía media | UPH |
|---|---|---|---|---|---|
| Trast. respiratorios exc. infeccións, bronquite, asma con cc maior | 2,37 | 295 | 10,67 | 8,22 | 698 |
| Procedementos sobre hernia inguinal e femoral idade>17 sen cc | 0,66 | 109 | 3,94 | 1,90 | 72 |
| Parto sen complicacións | 0,55 | 71 | 2,57 | 2,21 | 39 |
| Accidente isquémico transitorio e oclusións precerebrais | 0,89 | 55 | 1,99 | 5,65 | 49 |
| Trastornos dos hematíes idade>17 | 1,06 | 49 | 1,77 | 2,88 | 52 |
| Enfermidade pulmonar obstructiva crónica | 1,17 | 48 | 1,74 | 8,42 | 56 |
| Apendicectomía sen diagnóstico principal complicado sen cc | 0,88 | 46 | 1,66 | 3,50 | 40 |
| Neumonía simple e pleurite idade>17 con cc | 1,37 | 44 | 1,59 | 8,75 | 60 |
| Substitución de cadeira excepto por complicacións | 3,76 | 44 | 1,59 | 9,91 | 165 |
| Insuficiencia cardíaca e choque | 1,49 | 43 | 1,55 | 6,23 | 64 |
| Trastornos cerebrovasculares específicos excepto AIT e hemorraxia intracraneal | 2,05 | 42 | 1,52 | 7,60 | 86 |
| Outros diagnósticos de aparato respiratorio con cc | 1,00 | 40 | 1,45 | 8,63 | 40 |
| Reimplantación maior articulación e membro extr.inferior, excepto cadeira sen cc | 3,44 | 38 | 1,37 | 8,61 | 131 |
| Ligadura e stripping de veas | 0,82 | 36 | 1,30 | 1,14 | 29 |
| Cesárea, sen complicacións | 0,83 | 33 | 1,19 | 5,36 | 27 |
| Esofaxite, gastroenterite e trast.dixest. misceláneos idade>17 sen cc | 0,75 | 32 | 1,16 | 5,88 | 24 |
| ICC e arritmia cardíaca con cc maior | 3,48 | 31 | 1,12 | 8,19 | 108 |
| Trastornos vasculares periféricos sen cc | 0,91 | 28 | 1,01 | 5,36 | 25 |
| Proc. sobre man ou pulso, excepto proc.maiores s.articulación sen cc | 0,81 | 28 | 1,01 | 3,50 | 23 |
| Problemas médicos das costas | 0,77 | 28 | 1,01 | 7,82 | 22 |

(1) metodoloxía que inclúe a agrupación das altas en función da súa complexidade (GRD) e que constitue o sistema de medición da actividade asistencial dos centros na área de especialización de agudos

Fonte: *Sergas*

respiratorios, o parto sen complicacións, a insuficiencia cardíaca e choque e os trastornos cerebrovasculares son os responsables do maior número de altas válidas, con 1.331, 699, 518 e 457, respectivamente.

Na Fundación Pública Hospital de Verín os trastornos respiratorios, os procedementos sobre hernia inguinal e femoral, o parto sen complicacións e o accidente isquémico transitorio e oclusións precerebrais son os responsables do maior numero de altas válidas, con 295, 109, 71 e 55, respectivamente.

Finalmente, no que respecta ás lista de espera dos dous centros hospitalarios analizados dentro da área de Ourense–Verín, os **cadros 4.23.** e **4.24.** mostran as listas de espera por tipo de enfermidade ou cirurxía necesaria no C.H. de Ourense e na F.P Hospital de Verín.

O Complexo Hospitalario de Ourense está na actualidade integrado por cinco centros asistenciais, tres deles dentro do concello de Ourense (Cristal, Materno-infantil e Santa María Nai), un no concello de Barbadás e o hospital psiquiátrico Dr. Cabaleiro Goás, tamén chamado Hospital de Toén, preto do concello de Moreiras. No conxunto do C. H. De Ourense ó longo do ano 2002 existían 3.479 persoas en lista de espera, das que 1.842 necesitaban hospitalización cirúrxica e 1.637 cirurxía maior ambulatoria, En ámbolos dous casos o tempo de espera era como máximo de 6 meses.

No que respecta á hospitalización cirúrxica, a lista de espera cun maior número de pacientes é a de cirurxía xeral, con 564 pacientes (216 no hospital Santa María Nai e 348 no Cristal), dos que o 66% levan menos de 3 meses en lista de espera. A segunda especialidade en importancia polo número de pacientes en lista de espera é a de traumatoloxía, con 622 pacientes, dos que o 61,9% levan menos de 3 meses en lista de espera.

**4.23.** *Lista de espera no C.H. de Ourense 2002*

| | Hospitalización cirúrxica | | | | Ciruxía maior ambulatoria | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 0 a 3 meses | 3-6 meses | 6 meses a 1 ano | Total | 0 a 3 meses | 3-6 meses | 6 meses a 1 ano | Total |
| | | | | *(nº pacientes)* | | | | |
| **Cirurxía Vascular** | 11 | 6 | - | 17 | 118 | 63 | - | 181 |
| **Cirurxía Xeral (Nai)** | 140 | 76 | - | 216 | 13 | 7 | - | 20 |
| **Cirurxía Xeral (Cristal)** | 233 | 115 | - | 348 | 62 | 26 | - | 88 |
| **Cirurxía pediátrica** | 6 | - | - | 6 | - | - | - | - |
| **Xinecoloxía** | 152 | 44 | - | 196 | - | - | - | - |
| **Neurocirurxía** | 29 | 26 | - | 55 | 4 | - | - | 4 |
| **Oftalmoloxía** | 26 | 8 | - | 34 | - | - | - | - |
| **Oftalmoloxía (Nai)** | - | - | - | - | 31 | - | - | 31 |
| **Oftalmoloxía (Cristal)** | - | | - | - | 671 | 307 | - | 978 |
| **Otorrinolaringoloxía** | 88 | 37 | - | 125 | - | - | - | - |
| **Traumatoloxía (Nai)** | 165 | 119 | - | 284 | 39 | 16 | - | 55 |
| **Traumatoloxía (Cristal)** | 220 | 118 | - | 338 | 164 | 63 | - | 227 |
| **Uroloxía** | 148 | 75 | - | 223 | 39 | 14 | - | 53 |
| **Total** | 1.218 | 624 | - | 1.842 | 1.141 | 496 | - | 1.637 |

Fonte*: Complexo Hospitalario de Ourense*

**4.24.** *Lista de espera na F.P. Hospital de Verín 2002* (1)

| | 0 a 3 meses | 3-6 meses | 6 meses a 1 ano | Total |
|---|---|---|---|---|
| | | *(nº pacientes)* | | |
| **Cirurxía con ingreso** | 215 | 68 | - | 283 |
| **Cirurxía Ambulatoria maior** | 45 | 17 | - | 62 |
| **Cirurxía Ambulatoria menor** | 108 | 40 | - | 148 |
| **Total** | 368 | 125 | - | 493 |

**(1) Cola de programación cirúrxica a 31 de decembro de 2002**
Fonte*: Fundación Pública Hospital de Verín*

**4.25.** *Gastos en receitas médicas en atención primaria 2001-02*

| | Ourense | Galicia | Ourense /Galicia |
|---|---|---|---|
| | | | *(%)* |
| **Ano 2001** | | | |
| **Prestación farmacéutica (€)** | 84.601.676,67 | 562.620.321,85 | 15,0 |
| **Receitas facturadas** | 6.408.565 | 43.071.470 | 14,9 |
| **Gasto/receita (€)** | 13,20 | 13,06 | |
| **Ano 2002** | | | |
| **Prestación farmacéutica (€)** | 91.961.299,53 | 616.062.705,39 | 14,9 |
| **Receitas facturadas** | 6.692.212 | 45.556.598 | 14,7 |
| **Gasto/receita (€)** | 13,74 | 13,52 | |

Fonte: *Sergas*

En relación ás listas de espera para cirurxía maior ambulatoria no C. H. De Ourense, destaca a especialidade de oftalmoloxía, con 1.009 persoas en lista de espera, das que o 30,4% levan entre 3 e 6 meses en lista de espera.

O **cadro 4.24.** mostra o número de pacientes en lista de espera na Fundación Pública Hospital de Verín, que ascendeu ó longo do ano 2002 a 493 pacientes, dos que o 25,3% levaban entre 3 e 6 meses en lista de espera. Por especialidades, o número de pacientes en lista de espera para cirurxía con ingreso ascendía a 283, para cirurxía ambulatoria maior, a 62 e para cirurxía ambulatoria menor, a 148 persoas.

No que ás prestacións farmacéuticas se refire, o **cadro 4.25.** amosa que o gasto

**4.26.** *Solicitudes e beneficiarios da Risga e AES 2002*

| | Risga | | Axudas de emerxencia social | |
|---|---|---|---|---|
| | Solicitudes | Beneficiarios | Solicitudes | Beneficiarios |
| **Área de Ourense-Verín** | 214 | 430 | 361 | 242 |
| Allariz-Maceda | 2 | 17 | 8 | 1 |
| Baixa Limia | 7 | 18 | 2 | 2 |
| A Limia | 17 | 33 | 35 | 28 |
| O Carballiño | 31 | 50 | 35 | 21 |
| Ourense | 75 | 154 | 172 | 124 |
| O Ribeiro | 22 | 33 | 17 | 8 |
| Terra de Caldelas | 3 | 7 | 7 | 6 |
| Terra de Celanova | 16 | 43 | 27 | 14 |
| Verín | 39 | 63 | 52 | 34 |
| Viana | 2 | 12 | 6 | 4 |
| **Provincia de Ourense** | 232 | 447 | 374 | 254 |
| **Galicia** | 2.085 | 4.357 | 1.979 | 1.473 |

Fonte: *Dirección Xeral de Servicios Comunitarios e Inclusión Social*

extrahospitalario ascendeu na provincia de Ourense a 91,9 millóns de euros (un 8,7% superior ó do ano anterior), o que supón o 14,9% do gasto extrahospitalario do total de Galicia. O número de receitas facturadas foi de 6.692.212 (o 4,4% máis que o ano anterior), o 14,7% do total galego. O gasto por receita na provincia de Ourense é de 13,7 euros, un 4% máis que no ano anterior, e por encima do incremento para o conxunto de Galicia, que foi do 3,5%.

## Servicios sociais

A distribución do número de solicitudes e beneficiarios da renda de integración social de Galicia (Risga), así como das axudas de emerxencia social para o ano 2002 está contida no **cadro 4.26.**

No que ás rendas de integración social respecta, o número de beneficiarios na área analizada ascendeu a 430 persoas, con 214 solicitudes novas no conxunto da área estudiada no ano 2002. As novas solicitudes representan o 92,2% do total da provincia de Ourense e o 10,3% do total galego. No que respecta ós beneficiarios das rendas de integración social na área analizada, estes representan o 96,2% do total da provincia de Ourense e o 9,9% do total de beneficiarios de Galicia.

Atendendo á distribución comarcal, o **cadro 4.26.** amosa que o 35,8% dos beneficiarios da área de Ourense–Verín está asentado na comarca de Ourense, con 154 beneficiarios. No extremo oposto está a comarca de Terra de Caldelas, onde existen 7 beneficiarios no ano 2002 e 3 solicitudes novas.

O número de beneficiarios das axudas de emerxencia social na área de Ourense–Verín ascendeu no ano 2002 a 242 persoas, fronte ás 361 solicitudes que se produciron no mesmo ano. Comparando co número de beneficiarios e solicitudes da provincia de Ourense, a área analizada acolle o 95,3% e ó 96,5% do total, respectivamente, sendo o peso relativo no total galego dos beneficiarios destas axudas na área considerada do 16,5%.

Atendendo á distribución comarcal das axudas de emerxencia social, obsérvase no citado cadro cómo o maior nú-

**4.27.** *Poboación maior de 65 anos a 1-1-2002*

| | Total Poboación | Total maiores 65 anos | Índice de vellez (1) (%) | Índice de envellecemento (2) | Índice de sobreenvellecemento (3) | Índice de dependencia global (4) |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Comarca de Allariz-Maceda | 15.447 | 5.390 | 34,9 | 279,9 | 14,0 | 90,0 |
| Comarca de Baixa Limia | 9.799 | 3.789 | 38,7 | 374,8 | 13,5 | 96,0 |
| Comarca de A Limia | 24.984 | 8.250 | 33,0 | 245,2 | 12,9 | 86,9 |
| Comarca de O Carballiño | 30.050 | 9.434 | 31,4 | 235,6 | 13,9 | 80,9 |
| Comarca de Ourense | 143.479 | 30.807 | 21,5 | 122,3 | 12,6 | 64,0 |
| Comarca de O Ribeiro | 20.473 | 6.850 | 33,5 | 263,6 | 14,7 | 85,7 |
| Comarca de Terra Caldelas | 4.543 | 1.954 | 43,0 | 492,2 | 18,4 | 107,3 |
| Comarca de Terra de Celanova | 22.617 | 8.358 | 37,0 | 330,0 | 14,2 | 92,9 |
| Comarca de Verín | 29.439 | 8.798 | 29,9 | 199,7 | 12,1 | 81,3 |
| Comarca de Viana | 7.791 | 2.632 | 33,8 | 258,0 | 15,7 | 88,2 |
| **Total área Ourense - Verín** | 308.622 | 86.262 | 28,0 | 185,7 | 13,4 | 75,4 |
| Provincia Ourense | 343.768 | 95.840 | 27,9 | 183,6 | 13,5 | 75,6 |
| Galicia | 2.737.370 | 579.658 | 21,2 | 121,9 | 11,9 | 62,7 |
| Área/ provincia *(%)* | 89,8 | 90,0 | | | | |
| Área/ Galicia *(%)* | 11,3 | 14,9 | | | | |

(1) O índice de vellez defínese como a porcentaxe de poboación maior de 65 anos sobre a poboación total.
(2) O índice de envellecemento defínese como a relación entre a poboación maior de 64 anos e a poboación menor de 20 anos
(3) O índice de sobreenvellecemento defínese como a relación entre a poboación maior de 85 anos e a poboación maior de 65 anos

(4) O índice de dependencia global defínese como a relación entre os grupos de poboación económicamente dependentes e o grupo de poboación potencialmente activa.
Fonte: *IGE, Revisión do padrón municipal de habitantes 2002*

mero de beneficiarios atópase na comarca de Ourense, co 51,2% (124 beneficiarios) do total de beneficiarios da área considerada, seguida pola comarca de Verín, con 34 beneficiarios.

No eido das persoas maiores, o **cadro 4.27.** reflicte que a poboación galega maior de 65 anos ascendeu en 2001 a 84.977 persoas, o que representa o 27,5% da poboación total da área de Ourense–Verín (esta porcentaxe acada o 20,8% no conxunto de Galicia). Comparando co total galego, a poboación de 65 e máis anos da área analizada representa o 14,9% da poboación galega maior de 65 anos.

Atendendo ós índices recollidos no devandito **cadro 4.27.**, cómpre salientar que a área obxecto de análise presenta valores superiores ós rexistrados para o conxunto da comunidade autónoma. Neste senso, o índice de vellez indica a porcentaxe de persoas maiores de 65 anos sobre o total da poboación. O índice de vellez para a área analizada é do 27,5%, superior nunha décima ó índice da provincia de Ourense (27,4%) e superior ó índice de vellez para o conxunto de Galicia, que se sitúa no 20,8%.

Das dez comarcas que compoñen a área de Ourense–Verín, a Terra de Caldelas é a que presenta un maior índice de vellez, acadando o 42,2%, fronte á comarca de Ourense, que cun índice de vellez do 21% é a única que se sitúa por debaixo da media da área analizada e aproximadamente igual ó índice galego. A análise a nivel municipal exponse no **anexo 27.**, onde se observa cómo os únicos concellos dos 79 que compoñen a área estudiada que teñen un índice de vellez inferior ó galego son os de Ourense (18,8%), Verín (20,1%) e Barbadás (17,7%).

O índice de envellecemento, definido como a relación entre a poboación

**4.28.** *Centros prestadores de servicios sociais 2003: persoas maiores*

| | Residencias | | | Vivendas comunitarias | Apartamentos tutelados | Centros de día | Fogares e clubes | Outros centros sociais |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Públicas | Privadas | Total | | | | | |
| **Área de Ourense-Verín** | 5 | 28 | 33 | 10 | - | 2 | 2 | 9 |
| Allariz-Maceda | - | 3 | 3 | 1 | - | - | - | 2 |
| Baixa Limia | 1 | 1 | 2 | - | - | - | - | - |
| A Limia | - | 1 | 1 | - | - | - | - | 1 |
| O Carballiño | 1 | 2 | 3 | 2 | - | - | - | 1 |
| Ourense | 1 | 15 | 16 | 5 | - | 2 | 2 | 1 |
| O Ribeiro | - | 2 | 2 | - | - | - | - | 1 |
| Terra de Caldelas | 1 | - | 1 | - | - | - | - | - |
| Terra de Celanova | - | 2 | 2 | 1 | - | - | - | 1 |
| Verín | - | 1 | 1 | - | - | - | - | 1 |
| Viana | 1 | 1 | 2 | 1 | - | - | - | 1 |
| Provincia de Ourense | 7 | 33 | 40 | 10 | - | 2 | 2 | 11 |
| Galicia | 30 | 83 | 113 | 44 | 2 | 16 | 12 | 52 |
| Área Ourense - Verín /Provincia *(%)* | 71,4 | 84,8 | 82,5 | 100 | - | 100 | 100 | 81,8 |
| Área Ourense - Verínl/Galicia *(%)* | 16,7 | 33,7 | 29,2 | 22,7 | - | 12,5 | 16,7 | 17,3 |

Fonte: *Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, Guía de equipamentos para maiores*

maior de 64 anos e a poboación menor de 20, ascende na área de Ourense–Verín a 185,7%, 2,1 puntos porcentuais por riba do índice da provincia de Ourense e a 63,8 puntos porcentuais do índice calculado para o conxunto de Galicia. A nivel municipal, os únicos concellos, dos 79 que compoñen a área analizada, que se sitúan cun índice de envellecemento inferior ó galego son os de Barbadás (85%), Ourense (101,2%) e Verín (101,5%).

O índice de sobreenvellecemento, definido como a relación entre a poboación maior de 84 anos e a poboación maior de 64 anos, ascende no conxunto da área de Ourense–Verín a 13,4%, un punto por debaixo do índice para o conxunto da provincia e 1,5 puntos porcentuais por encima do índice para o conxunto de Galicia. A nivel municipal, existen once concellos onde o valor do citado índice se sitúa por debaixo do índice para o conxunto de Galicia.

Finalmente o índice de dependencia global, definido como a relación entre os grupos de poboación economicamente dependentes e o grupo de poboación potencialmente activa, ascende na área de Ourense–Verín a 75,4%, tres puntos porcentuais por debaixo do índice de dependencia global da provincia de Ourense e 12,7 puntos porcentuais por debaixo do índice para o conxunto de Galicia. A nivel municipal, só existen tres concellos dentro da área de Ourense–Verín que se sitúan cun índice de dependencia global inferior ó galego: Barbadás (61,9%), Ourense (61,9%) e San Cibrao da Viñas (59,2%).

A 31 de decembro do 2001, o número de residencias públicas e privadas da área considerada, **cadro 4.28.**, ascendía a 33, 5 públicas e 28 privadas, o que supón o 82,5% do total de residencias da provincia de Ourense, así como o 29,2% do total galego, sendo consideradas como tales os centros destinados a vivenda permanente e común nos que se presta unha atención integral e continuada ás persoas maiores.

Non funciona na área de Ourense–Verín analizada ningún apartamento tute-

4.29. *Prazas nas residenciais públicas da terceira idade 2003*

| | Rede da Xunta de Galicia | Rede Municipal | Total |
|---|---|---|---|
| Área Ourense-Verín | 416 | - | 416 |
| Residencia da 3ª Idade de Bande | 50 | - | 50 |
| Residencia da 3ª Idade do Carballiño | 53 | - | 53 |
| Residencia da 3ª Idade de Castro Caldelas | 32 | - | 32 |
| Residencia da 3ª Idade Nosa Señora dos Milagres | 156 | - | 156 |
| Residencia da 3ª Idade de Viana do Bolo | 125 | - | 125 |
| Provincia de Ourense | 416 | 90 | 506 |
| Galicia | 2.763 | 268 | 3.031 |
| Área Ourense - Verín/Provincia *(%)* | 100 | - | 82,21 |
| Área Ourense - Verín/Galicia *(%)* | 15,06 | - | 13,72 |

Fonte: *Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, Guía de equipamentos para maiores*

lado, existen 10 vivendas comunitarias, das que o 50% están emprazadas na comarca de Ourense. Estas vivendas representan o 100% das existentes a nivel provincial e o 20,4% das abertas na comunidade autónoma. Así mesmo existen dous centros de día e dous fogares e clubs, situados todos eles na comarca de Ourense e representando nos dous casos o 100% dos existentes a nivel provincial e o 12,5% e 16,6%, respectivamente, dos existentes no conxunto de Galicia. Finalmente, tal como se mostra no **cadro 4.28.**, existen na área analizada 9 centros incluídos dentro da categoría de "Outros centros sociais", que representan o 81,8% dos da provincia de Ourense e o 21,1% dos que hai no conxunto de Galicia.

No eido das persoas maiores, na área de Ourense–Verín hai un total de cinco residencias públicas que acollen un total de 416 prazas, correspondendo todas elas a residencias da rede da Xunta de Galicia, non existindo dentro da área considerada residencias incluídas dentro da rede municipal. Comparando cos datos provinciais e galegos, a área analizada acolle o 100% das prazas da rede da Xunta de Galicia da provincia de Ourense, non existindo nas comarcas pertencentes á área de Ourense–Verín ningunha residencia da rede municipal (**cadro 4.29.**).

No marco do *Plan Galego de Persoas Maiores 2001-2006*, a Consellería de Sanidade e Servicios Sociais ten previsto unha acción de fomento para a creación de centros multiasistenciais para maiores dependentes por parte da iniciativa privada. Esta acción instruméntase a través dun convenio co IGAPE e consiste no establecemento de axudas á iniciativa privada que estimulen a construcción de centros asistenciais.

Nunha primeira fase, e en base á aplicación da rateo 1,4 de cobertura pública en poboación total de maiores maiores de 65 anos, a Consellería de Sanidade ten previsto a localización de residencias nas comarcas de Ourense e Terra de Celanova. O investimento previsto distribuído no período 2001-2006 para este tipo de accións no conxunto de Galicia é de 10,8 millóns de euros. ■